

# PROXECTO IRMANDIÑOS

EPAPU DE TEIXEIRO

CURSO 2015/2016

# Xustificación do proxecto

- Necesidade dunha intervención globalizadora cun alumnado en exclusión social e multicultural con diferentes niveis de alfabetización.
- Integración da figura de Manuel María nun proxecto interdisciplinar.
- Utilización do Día das Letras Galegas cunha finalidade inclusiva.
- Poñer en valor a cultura galega entre o alumnado propio e estranxeiro.



# O punto de partida

O proxecto vértébrase a partir da realización dunha exposición sobre o Movemento Irmandiño tomando como referencia a musicación que fixo o grupo A Quenlla da obra “Unha vez foi o Trebón” de Manuel María.

Os materiais foron elaborados polo alumnado da EPAPU e describían o modo de vida na Galiza da Baixa Idade Media facendo referencia tamén ao autor homenaxeado e o grupo musical.

O espazo de exposición foi a Biblioteca escolar.



# Maquetas de castelos

A exposición de maquetas de castelos medievais constituíu un dos eixos fundamentais pola repercusión no traballo de aula dos diferentes niveis e polo seu significado simbólico con respecto ás consecuencias do Movemento Irmandiño: A caída das fortalezas medievais galegas.



# A exposición

A exposición non tería sentido sen un contido didáctico polo que unha vez completada foi utilizada para actividades de explicación, adaptada a cada nivel educativo, da figura de Manuel María e da transcendencia histórica do Movemento Irmandiño.

Seguindo un esquema de visitas guiadas, sen caer no meramente transmisivo, apostando pola aprendizaxe por descubrimento e dialogada.



# A música

As actividades do proxecto comezaron, como non podería ser menos, co recital dos músicos Mini e Mero, membros da Quenlla, acompañados por Teresa Fernández profesora do Centro e membro do grupo.



# Lectura dramatizada

O alumnado de 4º ESA preparou a lectura dramatizada do texto de Manuel María, acompañada pola música da Quenlla. A actividade foi gravada en vídeo e tivo o interese especial de ser realizada por un grupo cunha porcentaxe significativa de estranxeiros.



# Visitas guiadas

Os diferentes grupos escolares pasaron por quendas para a explicación da exposición, conducida polos profesores coordinadores da mesma, os responsables de dinamización lingüística e biblioteca.





# Clausura

Para pechar o Proxecto contouse coa presenza do medievalista e experto na Revolta Irmandiña D. Carlos Barros quen acompañou a súa intervención cun interesante coloquio co alumnado.



E para rematar ... “Abaixo toda opresión”





SEMENTEIRA

Na agra a luz é lene e apacitada.  
Va a ser a terra sementada.  
Andan unhas lomas a loitar e anada.  
Outros, cos bois, fan a sucada.  
A terra déixase abric, munda e calada.  
Os sacos son secos e a sementeira  
lume e boi non saben nada.  
As labradoras na terra traballada  
andan por entendidas da augada!

MILLO

Os labradors los que a millo están  
dan pouco millo e pouco pan.  
O millo é zupfo, zupfo;  
deixa a terra cansada,  
sen forza e sen fin  
e a espiga non val nada.  
Má o millo fai falla pra cebas  
no capio, pra papas e pra gando.  
Se non se beira baixo que mear  
e vase entón servido por gando.

— 112 —

— 113 —

CASTELAO  
SEMPRE  
EN GALIZA

MANUEL  
DA TERRA CHA  
MARÍA

BIBLIOTECA DRA MATEA GALEGA  
ROSA TA DE CASTRO  
Farsa de Bululú  
Manuel María